



Vigo, 1 de xuño de 2018

Estimados pais/nais:

Enviámoslles as instrucións para o encargo dos libros de texto e material no colexio e a ficha de inscrición do curso 2018-2019.

**\*\* INSTRUCCIÓN PARA O ENCARGO DE LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2018-2019:**

- Pódense encargar todos ou só parte deles. A data límite para a cancelación ou modificación do pedido é o 30 de xuño, agás os alumnos de secundaria con materias pendentes para setembro.
- O impreso que se achega ten que ser devolto, debidamente cuberto e sen cortar, ao TITOR correspondente, **NON EN SECRETARÍA** ata o 15 de xuño. As solicitudes das alumnas de secundaria con máis de dúas materias pendentes en xuño, así como as que se entreguen fóra de prazo, non serán cursadas ata o mes de setembro.
- As axudas para material e libros teñen que ser tramitadas independentemente segundo o anexo que se pode descargar da páxina web da Consellería ou presentala de xeito telemático.
- As familias que encarguen os libros no colexio terán que recollelos os días 4 e 5 de setembro de 9,30 a 13,00 horas (educación infantil, primaria e secundaria) e o día 6 de setembro de 8,45 a 10,15 horas (só educación secundaria con materias pendentes).
- Aos alumnos de secundaria que soliciten fondo de libros entregaránselle nas datas indicadas no punto anterior só os cadernos, lecturas e/ou material á espera da resolución da Consellería sobre a adxudicación de libros de fondo.
- Os libros de fondo de Ed. Primaria serán entregados os días 4 e 5 de setembro de 9,30 a 13,00 horas. Os de secundaria, entregaranse os primeiros días de clase.
- Para calquera reclamación será imprescindible a presentación do resgardo selado polo centro.
- É imprescindible entregar o cheque da axuda da Consellería (en caso de tela solicitado) debidamente cuberto e asinado pola persoa que solicita a axuda no momento de recoller os libros. Os cheques poderán recollese en Secretaría os días 28 e 29 de xuño de 9,30 a 13,00 horas.
- O importe dos libros será abonado polas familias a través do banco no mes de outubro ou nos de outubro, novembro e decembro se escollen facelo en tres prazos.

Ante calquera dúbida sobre os libros de texto, poden poñerse en contacto con: Luis, Gema, Conchita, Nuria ou María Gómez.

**\*\* INSTRUCCIÓN PARA O ENCARGO DO MATERIAL DE ED. PRIMARIA DO CURSO 2018-2019:**

- En caso de encargar o material no centro, debe entregar cuberto o impreso que lles remitimos con esta circular antes do 22 de xuño (preferiblemente) ou a principios de setembro.
- Os listados de material por curso estarán dispoñibles na páxina web do centro ([www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es) no apartado Educación – Libros de texto") a partires da última semana de xuño.

**\*\* FICHA DE INSCRICIÓN 2018-19:**

- Debe entregarse debidamente cumprimentada con todos os datos, a firma e a sinatura do pai/nai antes do día 20 de xuño.
- A ficha entregarase ao TITOR correspondente.